



O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 30-01-2025 ata a día 14-02-2025
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O. *[Firma]*

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 16.09.2022, apróbanse as bases xerais, convocatoria e bases específicas que regularán o proceso selectivo para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación Provincial de Lugo, en tres (3) prazas denominadas administrativo/a, grupo C – subgrupo C1, incluídas na OEP do ano 2022 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal – artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro).

As ditas bases e convocatoria fixéronse públicas no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo núm. 224, do 29.09.2022, no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 212, do 08.11.2022 e no *Boletín Oficial do Estado* (BOE) núm. 289, do 02.12.2022.

A base xeral 12.2 sinala que *“as persoas aspirantes non propostas, pola orde establecida na listaxe das cualificacións finais, propoñeranse para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo, reguladas ao abeiro dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais á Deputación Provincial de Lugo, aprobados por resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).*

O Tribunal en sesión de data 06.03.2024, para cumprimento do sinalado nas bases xerais 12.1 parágrafo 3 e 12.2, elabora a orde de persoas non propostas para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo. Esta proposta foi publicada na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade o día 06.03.2024.

Por acordo da Xunta de Goberno de 27.12.2024, resolvese definitivamente o proceso selectivo sen ter que acudir a listaxe complementaria (BOP núm. 301, do 31.12.2024), polo que as persoas aspirantes propostas polo tribunal deben incorporarse á listaxe de emprego temporal.

Á vista de todo o sinalado, proponse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección dos funcionarios da Administración Local, e co establecido na base xeral 12.2 da convocatoria, RESOLVA:

1º.- Crear, ou no seu caso incorporar, ás persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se relacionan, na listaxe de emprego temporal da praza/posto/emprego de ADMINISTRATIVO/A, ao obxecto de atender as necesidades deste tipo de persoal cando existan razóns xustificadas de necesidade e urxencia:

	IV7VEXIPFQX4ZOF5ZVMQIV7DMQ	Fecha y Hora	29/01/2025 14:41:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VEXIPFQX4ZOF5ZVMQIV7DMQ	Página	1/2



Nº ORDE LISTAXE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	GONZÁLEZ LÓPEZ, TANIA	32,67000
2	LÓPEZ GONZÁLEZ, SANDRA	29,76500
3	LÓPEZ GONZÁLEZ, BEGOÑA	22,55000
4	NOVO CHANTRES, ALBA	19,95000

2º.- Que a creación ou a incorporación na listaxe se realice conforme aos criterios aprobados por resolucións da presidencia do 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 39, do 15.02.2019).

3º.- Dar efectividade á listaxe dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto de data 04-07-2023

O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará
exposto no Taboero de
Anuncios desta Deputación
desde o día 30-01-2025
ata a día 14-02-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA
R.O.
(Aer)

	IV7VEXIPFQX4ZOF SZVMQIV7DMQ	Fecha y Hora	29/01/2025 14:41:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VEXIPFQX4ZOF SZVMQIV7DMQ	Página	2/2

